Estimados lectores:

Para este Nadal achégovos esta cesta ateigada de libros para todas as idades e todos os gustos.
Estas son as miñas recomendacións, atoparedes libros para rir, para soñar, para pensar, para emocionarnos...

Bo Nadal e Feliz 2016 a todos os meus pequenos lectores e lectoras do Vista Alegre.

LIBRUXA

A Biblioteca de LIBRUXA

CEIP· PLURILINGÜE VISTA ALEGRE
BURELA
http://bibliotecaceipvistaalegre-burela.blogspot.com.es/

Para coñecer ...

Un cuadro un cuento.
Juan Ramón Brotóns
Os nenos e a arte teñen moito en común, este libro fálanos da pintura e dos nenos coma ti. Poderás descubrir curiosidades sobre pintores como Leonardo da Vinci, Van Gogh, Dalí, Picasso.... e poñer a proba a túa creatividade.



Brown bear, Brown bear what do see?
Este conto achegará aos pequenos, dunha maneira moi sinxela e divertida, ao mundo das cores e dos animais dun xeito rítmico que atraerá a súa atención.

¿En qué obra de arte te gustaría vivir ?
Violeta Monreal
Un libro para mentes despertas a través do cal descubrirás que a arte está en todas as partes: nas covas, nas igrexas, nas casas, nas alfombras, nos libros e nos cadros.



¿Como éramos en la prehistoria?
Varios autores
Levanta as solapas, fai xirar as rodas e abre as fiestras das páxinas deste libro e descubrirás a vida dos nosos ancestros!

GUÍA DE LECTURAS

NADAL 2015

Contiños para ler en compaña...

Te quiero casi siempre
Anna Llenas Sierra
Un libro para nenos e maiores que nos invita á comprensión de aquilo que nos fai diferentes, amosando o máxico efecto dos polos opostos.



Pete the cat .I Love my White shoes
Pete está encantado cos seus novos zapatos brancos, pero segundo vai andando estes van cambiando de cor. Isto non lle impide a Pete seguir disfrutando do seu camiño cantando a súa canción.



Atlas del mundo
Este libro permitirache facer unha viaxe ao redor do mundo. Verás os géiseres islandeses, as caravanas do deserto do Sáhara, as cidades maias de México. Xogarás ao críquet en Inglaterra e verás os ornitorrincos en Australia...e moitas cousas máis.

Para xogar en familia...

Para sentir, soñar ...



The Way I feel
Jannan Cain
Un libro cargado de bonitas ilustracións que axudará aos nenos a descubrir e expresar as súas emocións con palabras e a comprender os sentimentos como unha parte importante da nosa vida.

Manual para Soñar
Rafael Romero y Cristina Núñez.
Pódese soñar cos ollos abertos e tamén facer realidade aquilo co que soñamos. Nesta divertida aventura, o protagonista eres ti: coñeceraste mellor a ti mesmo e averiguarás como acadar eses soños que desexas realizar.

El monstruo de colores pop-up
Anna Llenas Sierra
Algunha vez vos fixestes un lío coas emocións ? Pois iso mesmo lle pasou ao monstro de cores, que deberá aprender a poñer en orde a ledicia , a tristeza, a rabia, o medo e a calma. Axúdalle e aprenderás a identificar as emocións que vives ao longo do día.

Los atrevidos en busca del tesoro
Los atrevidos dan el gran salto
Elsa Punset
Xestionar as nosas emocións non sempre é fácil, especialmente para os pequenos. Con esta colección: "El taller de emociones" achegaremos aos nenos ao mundo das emocións de maneira divertida.

E se nos visitan os autores e autoras destes libros?